

Xente da Baixa Idade Media (II)

ALFREDO ERIAS MARTINEZ *

En lembranza do mestre e amigo

Don Francisco Vales Villamarín.

"CLARA" E NON COLASA

Cando o ano pasado publiquei o sepulcro da muller de *Afonso de Carvallido*, "mercador" betanceiro do s. XV e cabecilla irmanniño (1), xa me pareceu extraño que o seu nome fose *Colasa* (as letras que creín ler eran "CLASA"), pero non atopaba outra explicación e fíeime máis da vista de debuxante que da lóxica. Foi despois, a partir dunha conversa con Carmen Manso Porto e dunha posterior análise, cando me decatei da verdade. A letra que parecía ser un S claro era en realidade un R. Ocorre que o gancho de arriba está aberto como se fose un S e o apéndice superior esquerdo, típico do R, é prácticamente imperceptible debido á erosión. Ademais, falta, por rotura, a mitade inferior.

A lectura correcta, polo tanto, é esta: CLARA SANCHES: MOLLER: D(E): A(FONSO): D(E) CA(R)VALLIDO:

* * *

NOVOS RESTOS DOS SEPULCROS DE "CLARA SANCHES" E "AFONSO DE CARVALLIDO"

O arranxa-lo adro da igrexa de Santa María do Azougue e as rúas próximas, apareceron, como xa é sabido, as tampas antropomorfas destes sepulcros, pero con eles saíron á luz tamén dous pedazos doutras tantas urnas sepulcrais. Un deles é toda a parte frontal e o outro só un anaco.

Os dous xogan cos mesmos elementos formais: sobre un fondo de arquiños góticos, superpónense unha serie de escudos heráldicos,

tres no fronte enteiro e cinco (os dos extremos só a mitade) no outro, logo de reconstruílo. Os arquiños son semellantes ós dos sepulcros da familia dos Vilousaz na igrexa de San Francisco de Betanzos, cousa que me serviu de referencia para reconstruir estas urnas ó debuxalas, posto que están moi erosionadas.

Foi esta erosión quizais a culpable de que non me decatara antes dun elemento fundamental para identificar estes restos coas súas respectivas tampas: trátase da arbre do escudo, que ten a copa ancha de tal maneira que seguramente representa un carballo. E, en consecuencia, simbolizaría ó apellido CARVALLIDO, correspondendo probablemente a urna de máis escudos a *Afonso de Carvallido* e a outra á súa muller, *Clara Sanches*.


Crespo del Pozo na súa obra *Blasones y linajes de Galicia* (Historia de Galicia, s. XIX, Ed. La Gran Enciclopedia Vasca, Bilbao, 1982) presenta un escudo para o apellido "Carvallido" que é case idéntico ó de Betanzos, coa particularidade de que a arbre aparece máis estilizada, toda ela en verde ou *sinople* sobre fondo de *ouro*.

A adopción dun escudo nobiliario por alguén que ten a honra chamarse "mercador" (actividade antinobiliaria por excelencia), sendo ademais cabecilla do levantamento irmanniño, é desde logo motivo de reflexión. Xa no seu momento dixen que *Afonso de Carvallido* era un burgués trunfador que para demostrarlo socialmente adopta os elementos distintivos do estamento máis alto, o dos nobles, incluindo (como agora vemos) o escudo, pero sen renunciar á súa orixe. Diríase que quere convertir deste xeito o oficio de *mercador* en noble, en correspondencia co espírito do levantamento irmanniño (1-1).


* Alfredo Erias Martínez é funcionario do Concello de Betanzos e como tal director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

(1) ERIAS MARTINEZ, Alfredo. "Xente da Baixa Idade Media (I): sete mulleres con rollo". En Anuario Brigantino 1987, nº 10, Concello de Betanzos.

(1-1) ERIAS MARTINEZ, Alfredo. "Afonso de Carvallido": un "mercador" betanceiro do s. XV cabecilla dos irmanniños. En Anuario Brigantino 1984, nº 7, p. 14-18.



Frente lateral do sepulcro de Afonso de Carvallido.



Frente lateral do sepulcro de Clara Sanches.

Pero tamén é posible, e parécmeme agora más probable, facer outro razonamento: ¿non será *Afonso de Carvallido* un noble que, en correspondencia co seu papel no levantamento irmandiño, non dubida en chamarse "mercador", igualándose á burguesía ciudadán coa que se alia contra a nobreza terratenente...? Desde logo, pode ser, non esquenzamos que as cabezas máximas da rovulta eran xeralmente nobles de cidade, entre os que por certo destaca o betanceiro Alonso de Lanzós, probable creador da Hermandade de Galicia.

Se esta tese fora certa, o sepulcro de *Afonso de Carvallido* simbolizaría, dunha parte ese pacto nobres ciudadáns-burgueses, e doutra a perpetuación dun hábito de humildade á hora da morte, mediante algún detalle significativo (1-2), como sería o de recoñecerte "mercador", rebaixándose de estamento, pero atacando tamén a orde tradicional como corresponde a un siñificado irmandiño.


* * *

DOUS HOMES DE SANTA MARÍA DE VIGO

Un día do ano 1984 fun a Santa María de Vigo, parroquia do Concello de Cambre (A Coruña), por motivos familiares e non podía imaginar que ali me atoparía con dous sepulcros antropomorfos medievais. Estaban na igrexa vella, alineados no chan ó lado da parede Sur, moi cerca do ábside.

A igrexa está ruinosa desde xullo de 1936, momento en que foi queimada polos republicanos más radicais daquela zona, cando estalaba en España a terrible Guerra Civil (2). No pasado (Dicc. Madoz, t. 16, 1850, p. 57-58) estaba servida por un "curato de entrada", exercendo o seu patronato o Conde de Maceda.

E era precisamente agora, arredor de 1983-84 o momento en que, por iniciativa dunha comisión formada polo cura e os veciños, se empezaba a reconstruir. As obras quedaron paradas por non aterse ás normas previstas para este tipo de edificios de valor histórico-artístico e hoxe todo sigue igual, pero elas trouxe-ron como consecuencia o descubrimento das laudas sepulcrais ó levanta-lo chan.



Home con saio longo de Santa María de Vigo.

(1-2) NUÑEZ RODRIGUEZ, Manuel. *La idea de inmortalidad en la escultura gallega: la imaginería funeraria del caballero, s. XIV-XV*. Diputación Provincial de Ourense, 1985.

(2) Perto dali, en Betanzos, a igrexa de San Francisco foi queimada polos mesmos motivos o 22 de xullo de 1936.

As dúas presentan figuras planas, deitadas e coas mans en actitude de oración, semellantes ás que se atopan nas igrexas da Coruña (tamén nas de Betanzos), pero sen a *hornacina* a maneira de marco que vemos ali. O material parece, a primeira vista, cantería, áinda que moi dura e os seus compoñentes están orientados, o que explica as roturas en laxas. Isto quere dicir, que quizais se trate de *gneis*. As dúas imaxes están moi desgastadas por pisadas seculares da xente e debuxalas non foi nada doado. Carecen de inscrpción.

E posible que o taller que as fixo estivera na Coruña (próxima xeográficamente), o que explicaría as similitudes técnicas. De tódolos xeitos tamén en Betanzos hai algúns exemplos (ainda que menos) destas técnicas: a mitade inferior dunha lauda en baixorrelevo pertencente a un "NOTARIO" (procede da igrexa de S. Francisco e hoxe está no Museo das Mariñas) e o sepulcro dun probable médico (del trataráse máis abaxo) en vulto aplanado na igrexa de San Francisco. A combinación destas referencias permite data-los sepulcros de Santa María de Vigo no s. XV, quizás na súa primeira mitade.

Un home con saio longo

O que está claro é que non estamos diante dun clérigo, pero a partir daí pouco máis podemos dicir. Non ten espada nin elementos propios do cabaleiro medieval e iso vainos levando, probablemente, a outros grupos sociais. Desde logo, tipolóxicamente cadraría ben cun notario, quizás non de gran magnitude, pero, sen dúbida, con poder e influencia nas terras de Santa María de Vigo e o seu contorno.

Apoia a cabeza sobre unha almofada, pero, polo forte desgaste, non teño nada claro se a ten ou non cuberta por un bonete ou algo semeillante, áinda que tendo a pensar que non. O saio chégalle ata os pés e da cintura para baixo presenta uns pregos rectos e ríxidos, de maneira más sumaria se cabe que nas laudas da Coruña. Da cintura para riba aparece liso e no colo esas liñas paralelas semellan o remate do saio que, con maior detalle e más fina factura, ten o notario *Joan Bonome* da igrexa de Santa María do Azougue de Betanzos.


Un clérigo de importancia.

Aínda que tamén moi erosionada e partida



Clérigo (coengo ou bispo) da igrexa de Santa María de Vigo.


pola mitade, presenta esta figura maior riqueza de detalles. A cabeza, moi borrosa, diría que ten pelo cunha coroa afeitada no cumio. A posibili-



Plano da igrexa de Santa María de Vigo. Na parte superior dereita destaca a "capilla" dos Castro construída con posterioridade á igrexa, no s. XVI. A reutilización das pedras do ábside e da sacristía por parte dos veciños, para casas, camiños, etc., fixo que desapareceran da vista. Só unha excavación podería dicir a súa exacta disposición.



dade de que tivera unha mitra non a vexo clara como debuxante, pero sí podería existir unha especie de bonete, de maneira semellante ó do coengo *Joan Lopez* da igrexa de San Francisco de Betanzos, cousa que podería ser coerente por outros indicativos da roupa.

Os elementos da vestimenta litúrxica aparecen claros. A *capa* presenta unha cruz frontal na parte superior, sen dúbida un bordado. Da man dereita colga o *manípulo*, seguramente un erro do escultor, porque daquela como ata os nosos días vai na man esquerda. Debaixo da capa aparece o *roquete* e debaixo de *capa* e *roquete* déixase ver, colgando, a *estola*. Por último queda a *alba*. Nesta existe o debuxo dun cadrado que ben pode conter elementos heráldicos de identificación persoal, do mesmo xeito que vemos no sepulcro do xa aludido coengo *Joan Lopez*, "fillo d(e) Lopo G(arcia) d(e) Vilousaz", na igrexa de San Francisco de Betanzos (3). Tamén na igrexa de Santa María do Azougue en Betanzos hai o



Cabeceira da igrexa de Santa María de Vigo. A desaparición do ábside permite ver o arco gótico de entrada ó mesmo.

(3) No estudo da vestimenta agradezo as indicacións de Don Román Bretal Sieira (4), cura párroco da igrexa de Santiago e arcipreste de Xan Razo, e de Don Manuel Ares Faraldo, cura párroco da igrexa de Nosa Señora do Camiño e asesor e colaborador do Anuario Brigantino.



Capiteis que soportan o arco de entrada ó ábside.



Pedra de cantería empotrada na parede do fondo e á esquerda da "capilla" de Castro, con marco (columnas e arco) e lenda en resalte. As letras, maiúsculas ("CAS") e minúsculas ("tro") xa non son góticas, pero ainda queda unha referencia a esa época na letra "A".



Estado en que se atopan os sepulcros, dentro da igrexa.




Pedra de cantería empotrada á mesma altura que a anterior (e á dereita). Por ser unha cifra, data a construción da "capilla" de Castro. Utiliza xa os números arábigos: 1523.

sepulcro dun clérigo con ese mesmo cadrado (áinda que liso) sobre a *alba*. Este detalle favorece a hipótese dunha filiación técnica e artística con Betanzos, a onde a xente de Santa María de Vigo vai desde tempo inmemorial ás feiras. Eu falei con velllos dalí disto e dixéronme que incluso para mercar roupa ou zapatos tiñan a tendencia a ir a Betanzos como se fixera sempre e non á Coruña. Naturalmente habería que comprobar se isto ten algunha correspondencia coas relacións socio-xeográficas da Baixa Idade Media.

Queda saber cal era o grado de dignidade eclesiástica deste home. A *estola* vese de coengo para riba e o *roquete* acostuma a verse en bispos o mesmo que a *cruz pectoral*. Nembargantes, a ausencia de mitra e báculo faime dubitar. Podería ser un coengo en realidade con algunas alteracións debidas ó escultor.

* * *



Representación da morte (caveira, tibias e gadaña) coa inscripción que data o cruceiro: (SE) ICO EN EL (AÑO) 1877. Está moi cerca da igrexa de Sta. María de Vigo, no camiño que leva a ela.

A MORTE NO CRUCEIRO

Deixando atrás as ruinas da igrexa de Santa María de Vigo e os sepulcros esquencidos, o camiño de volta ainda me deparou outro achadego: o da *morte*, ícomo non!, esculpida en baxorrelevo na base dun cruceiro.

* * *

¿UN ORIENTAL EN BETANZOS? NON, MAIS BEN UN MEDICO

O mito do oriental

A Historia está chea de atrevidas hipóteses e mesmo de fantasías saídas de mentes, moitas veces, brillantes. E isto, en principio non é malo. E máis: o home pode dar pasos no seu devir, precisamente pola súa capacidade de formular hipóteses. O feito de que unhas sexan acertadas e outras non é algo connatural ó mesmo mecanismo da formulación e tanto unhas coma outras teñen valor, porque conteñen información que nos permite dar un novo paso, plantearnos outra hipótese, cara ó coñecemento total do obxecto de que se trate.

Pero ocorre que ás veces as hipóteses transmitense, no decorrer *ebrio* da escritura, como aseveracións, e iso, cando se acompaña de determinados matices evocadores, pode crear un mito. E tampouco hai que estar contra os mitos (non vou agora desenrola-la súa importancia no pasado e no presente), mais eles, según penso, nunca deben sustituir la verdade cando é posible albiscala. Tampouco deben destruirse, se iso fora posible (cousa que dubido), porque conteñen unha información moitas veces preciosa. Ademais, adoitan adornarse dunha literatura fermosa e a xente pasos de xeración en xeración como se foran tesouros maravillosos. De feito, identifican unha comunidade.

En Betanzos, por exemplo, cando se lle pregunta a alguém pola historia da cidade, rara é a persoa que non empeza referíndose ó *Rei Brigo* ou ó *tributo das cen doncelas*. De feito, como elementos de identificación e cohesión social, o seu valor é moi superior (sobre todo nas persoas de certa idade) ó de tódolos traballos de investigación que se levan publicados.

Recentemente, e tamén en Betanzos, paréceme que está xermolando outro mito de carácter histórico-literario: o de que na igrexa de San Francisco existe un sepulcro que pertence a un personaxe oriental. Esta afirmación data sómente de 1983, pero, a pesares diso, pode comprobarse como hai moita xente, incluso dun certo tono intelectual, convencida da súa certeza. A fonte está no libro de debuxos de Don Xosé Antón García G-Ledo, *As imaxes xacentes da igrexa de San Francisco de Betanzos*, en edición de 1983, patrocinada polo Concello. Fai a introdución Don Carlos Martínez Barbeito.



Probable médico na igrexa de S. Francisco de Betanzos.

Hai que recoñecer que o personaxe é certamente evocador de fantasías, porque algunas das súas características son pouco ou nada frecuentes nos sepulcros galegos e mesmo nos españois. O seu misterio sintetízase nas seguintes bases reais:

- 1.-) Non ten inscricóns.
- 2.-) Tampouco ten escudo nin outro signo que permita un achegamento directo á súa identidade.
- 3.-) A barba remata nunha longa perilla que se enrolla de forma helicoidal, sen paralelos exactos, según creo, en Galicia, ainda que recorda formas existentes na escultura románica.
- 4.-) A posición das mans é moi pouco frecuente nas imaxes xacentes de Galicia.
- 5.-) A vestimenta tampouco ten paralelos claros, que eu coñezo, na nosa terra.

A fermosa peza literaria que constitúe a introducción de Don Carlos Martínez Barbeito, contén os elementos esenciais da idea orientalizadora. Como non podía ser menos, o contexto literario xeral é dun romanticismo absoluto. Empeza lembrando un pasaxe de Valle Inclán onde narra a entrada dalgún nunha "*cripta lóbrega y húmeda*", misturándose nun ar terrorífico, tumbas, caveiras e ratas. Sigue cunha viaxe de Lorca por Galicia, centrándose particularmente na visita que o autor fai con el á Colexiata do Sar e nun xesto de Federico entre os sarcófagos, como se quixera "...transmitirles un hálido de vida y a la vez recoger el espíritu de la muerte".

Describe despois a súa visita de xuventude á igrexa de San Francisco de Betanzos e a sensación que sentiu: "Me veo solitario y único entre los muertos. De pronto, siento vagamente que se me acerca alguien y que pasa junto a mí, rozándome, helado. Un escalofrío recorre mi cuerpo...". Remata centrándose no libro de Don Xosé Antón: "Han pasado muchos años y ahora mi amigo Xosé Antón García me trae unos dibujos que acaba de hacer...".

Enumera as persoas debuxadas e xa de entrada remata: "y un personaje enigmático, un mandarín chino o sacerdote mogol que nadie sabe lo que hace en San Francisco de Betanzos, a no ser que fuera peregrino a Santiago y aquí dejara sus despojos...". E logo añade unha cousa que me parece significativa: "Si no se averigua nada cierto sobre

él, habrá que inventarle y pronto una biografía".

Non cabe dúbida que a historia dun "Marco Polo" á inversa sería unha bomba. Hai que ter en conta que Marco Polo viaxou a China na segunda mitade do s. XIII e que, en todo caso, os mogoles chegaron a Viena en 1241, pero nunca avanzarían máis (4). Certamente, os mogoles eran monoteistas, e no tempo de Marco Polo aliáronse con Occidente contra o Islam. Isto trouxo unha potenciación do comercio polo Mediterráneo coas conseguintes posibilidades (que non probabilidade) de ver un mogol en calquer parte. Tamén hai que dicir, postos a buscar xustificacións a esa teoría, que o Papa ten mandado algúns franciscanos como enviados negociador á terra dos mogoles nesa época.


Pero deducir de todo isto que a finais do s. XIV ou principios do XV un mogol foi enterrado na igrexa de San Francisco de Betanzos é aventureiro e, para mim, lanzar esta hipótese só se xustifica como unha licencia literaria dentro do romanticismo que envolve o texto no que se expuso (idea que asimila tamén o autor do libro). Faltaba un viaxeiro de terras exóticas para que o ambiente romántico tivese tódolos ingredientes e inventouse: xa temos un "*inquietante asiático*", só queda face-la novela.

Hai unha cousa fundamental, nembarantes, cal é a de saber en que se basaron estes autores. E como non o din, penso que a base está no debuxo que fai Don Xosé Antón García, quen, sendo un gran debuxante, ás veces pasa con excesiva presa polos obxectos arqueolóxicos. Os ollos; a barba; o pelo, que parece formar dúas trenzas sen xustificación real para elo; a perspectiva de abajo arriba, e o tratamento esaxerado das sombras na cara, deberon tela culpa de que Don Carlos Martínez Barbeito vira o que non había. Pola miña parte non vou dicir quen era este señor de forma absolutamente precisa, pero si digo, de entrada, que se enmarca perfectamente nun contexto amplio dentro do occidente europeo.


O sepulcro

A tampa sepulcral na que se esculpio a figura é de cantería, como ocorre en prácticamente toda a escultura funeraria galega. O

(4) Véxase a introducción que Stéphane YERASIMOS fai ó LIBRO DE LAS COSAS MARAVILLOSAS DE MARCO POLO (1477). Barcelona - Palma de Mallorca, Calamus Scriptorius, 1982.



O probable médico (e non "inquietante asiático") da igrexa de S. Francisco de Betanzos



Sepulcros de "Ramón Serra el Mayor" (c. 1379), "Ramón Serra el Viejo" (c. 1355) e "Berenguer de Castellfort" (c. 1392), existentes na igrexa de Santa María de Cervera, Lérida (v. nota 7).

feito de que estea cortada polos pés e polo frente indica que, en orixe, estaba noutro lugar da igrexa (hoxe está nun arcosolio da parede E. do brazo S. do cruceiro). E probable que ós pés tivera un can e no borde frontal unha lenda identificadora, como en tantos outros sepulcros da mesma igrexa.

Técnicamente está realizada en altorrelieve moi aplanado, do mesmo xeito que as dúas laudas de Santa María de Vigo e que outras existentes na cidade da Coruña, polo que non hai que descartar que en orixe estivera no chan. Pero a súa conservación é suficientemente boa como para pensar que, se estivo no chan, debérona quitar del pronto, quizais xa a finais do s. XIV ou comenzaos do s. XV cando se supón que se ampliaron os brazos do cruceiro en sendas capelas (5).

A colocación das mans cruzadas sobre o ventre, a dereita sobre a esquerda, é algo que non aparece con frecuencia en Galicia nas representacións funerarias deste tipo. De feito, a única que coñezo é unha lápida funeraria do s. XV, procedente do antigo convento de Santo Domingo da Coruña e hoxe no Museo de San

Antón desa cidade; a figura do defunto ten as mans cruzadas do mesmo xeito, aparecendo flanqueada por dous personaxes orantes (6).

Noutras comunidades de España, esta colocación das mans é más frecuente, particularmente en Cataluña. Así, na igrexa de Santa María de Cervera (Lérida) atopamos tres exemplos nos sepulcros de: *Ramón Serra el Mayor* (c. 1379), *Ramón Serra el Viejo* (c. 1355) e *Berenguer de Castellfort* (c. 1392). No Museo Diocesano e Comarcal de Solsona (Lérida) sigue a mesma liña a figura do guerreiro xacente do chamado "*sarcófago de Copóns*" (s. XIV), procedente de El Llor. Tamén os sepulcros reais do mosteiro de Poblet (Tarragona) ou o sepulcro do Bispo Escalles na catedral de Barcelona, obra de Antonio Canet, rematada en 1409 (7).

Fóra de Cataluña tamén hai exemplos de xacentes coas mans cruzadas sobre o ventre. Así, o sepulcro de Don Pedro de Coca, coa variante da man dereita sobre a *muñeca* da esquerda (s. XV), na igrexa de San Pedro de Ciudad Real (8). Outra variante pode ser a do sepulcro (s. XV) de Doña Teresa de Luna (catedral de Cuenca), coas mans cruzadas sobre o peito;

(5) CAAMAÑO MARTÍNEZ, Jesús María. *Contribución al estudio del Gótico en Galicia*. Universidad de Valladolid, 1962, p. 146.

(6) Segundo Don Manuel Chamorro é unha "lápida funeraria que estuvo aplicada al fondo de un lucillo sepulcral" e representa a "Cristo en el sepulcro entre la Virgen y San Juan". CHAMOSO LAMAS, Manuel. *Escultura funeraria en Galicia*, Ourense. "Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo" da Deputación Provincial, 1979, p. 356-357.

(7) SUREDA PONS, Joan. *La España Gótica: Cataluña/I*. Madrid, Ediciones Encuentro, 1987, p. 54, 353-393.

(8) GOMEZ DE LA SERNA, Gaspar. *Castilla la Nueva*. Barcelona, Ediciones Destino, 1964.



Dous profetas da Porta Santa da Catedral de Santiago.

curiosísimo por misturar a lousa esquemática e plana para o corpo, co mármol en vulto para cabeza e mans (9).

Outros exemplos de xacentes coa man dereta sobre a esquerda atopámoslos nos sepulcros da Casa Real de Castilla (ARCO, Ricardo del. *Sepulcros de la Casa Real de Castilla*. Madrid, CSIC, Instituto Jerónimo Zurita, 1954): *Alfonso VII*, o infante *Don Pedro de Aguilar* e *Sancho III* na catedral de Toledo; *Isabel la Católica*, na capela Real de Granada,...

Cubre a cabeza cun bonete que presenta un pequeno reborde na parte posterior ata a altura das sens, de copa baixa redondeada e rematada no cumio por unha borliña.

Sobre a barba hai dous aspectos esenciais a considerar: o bigote e a perilla. O bigote ten exactamente a mesma disposición que vemos noutrous sepulcros betanceiros, deixando afeitado en forma de triángulo boa parte do beizo, debaixo da nariz. Vese isto en: *Fernán Pérez de Andrade*, *Iohan Freyre de Andrade*, o que supoño como *Lopo Núñez* (10), o notario *Iohan Bonome*, o xurado *Pedro Martíz Reimondez*, etc. Polo tanto, neste aspecto non hai nada extraño, senón más ben todo o contrario.

O que chama a atención é a perilla, enrollada en forma de helicóide. Desde logo non ato-



Profeta procedente do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago, boxe no Museo de Pontevedra (foto do Museo).

pei en Galicia nin fóra algo idéntico, pero na escultura románica galega (s.XII), particularmente na do Mestre Mateo e os seus discípulos si hai algúun exemplo semellante. Así, un pro-

(9) GOMEZ DE LA SERNA, *Op. cit.*, p. 557.

(10) ERIAS MARTINEZ, Alfredo. *Andrade o Bo*. Folleto turístico editado polo Concello de Betanzos en 1987.



Diversos personaxes betanceiros do s. XIV e comezos do XV que presentan o mesmo corte de bigote:
Fernán Pérez de Andrade, Iohan Freyre de Andrade, Lopo Núñez, o notario Iohan Bonome e o xurado
Pedro Martiz Reimondez,...

feta procedente da fachada exterior do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela e hoxe no Museo de Pontevedra, ten a perilla trenzada a catro cordas. Tamén a ten trenzada de xeito semellante outro profeta dos existentes na Porta Santa da dita Catedral, presentando outro máis unha fina e alongada perilla como remate da barba... Isto demostra, cando menos, que había referencias formais próximas, áinda que esa perilla non debeu estar moi estendida, sendo probablemente, un signo de alto nivel intelectual, recoñecido socialmente.

En canto á vestimenta que se ve ó exterior, eu diría que do corpo para fóra ten as seguintes prendas:

O xubón ou *doublet*, nomes que sustituiron ó antigo *gipon* desde mediados do s. XIV⁽¹¹⁾. Del só vemos as mangas. Estaria abotonado por diante de arriba abajo. Quizais se aplicaba á mesma prenda o nome que nos documentos aparece como *aljuba*. Debaixo do xubón, fóra da vista, iría a *camisa* ou *camisón*.

Enriba do xubón leva unha *cotardía* ou *cote-hardie*. A definición que Lauer fai desta prenda ben vale a pena reproducila:

"Las clases altas (2ª mitade do s. XIV) llevaban encima del gipon una prenda conocida con el nombre de cote-hardie o cotardía. Esta prenda venía a ser la túnica exterior del período anterior (mediados s. XII - mediados s. XIV), pero ahora era de cuello bajo, ajustada y abotonada en todo el delantero, hasta abajo. El cote-hardie de las clases bajas era más suelto y al carecer de botones se ponía por la cabeza. El largo del cote-hardie a la moda fue acortándose paulatinamente y el borde del bajo se recortaba, formando a menudo dibujos curiosos. Las mangas eran ajustadas, al llegar al codo se acampanaban, y se hacían tan anchas que llegaban hasta la rodilla e incluso más abajo. Hacia 1375 el cotehardie empezó a tener cuello" (12).

En España, os documentos de ben avanzado o s. XIV falan da *cotardía* e *gardacós*, equivalentes, sen dúbida, á *cote-hardie* e *garde-corps* que en Francia xa se usan nos primeiros anos dese século (13).

Encima viste unha *garnacha* con tódolos elementos, incluidas as dúas *lengüetas* con que adorna o escote. E unha prenda internacional que aparece no s. XIII. En España os textos más antigos que falan da *garnacha* son documentos catalano-aragoneses dos primeiros anos dese

(11) LAUER, James. *Breve historia del traje y la moda* con un Apéndice de Enriqueta Albizu Huarte. Madrid, Cátedra, 1988, p. 65.

(12) LAUER, James. *Op. cit.*, p. 65-66.

(13) BERNIS MADRAZO, Carmen. *Indumentaria medieval española*. Madrid, Instituto Diego Velázquez del C.S.I.C., 1955, p. 34.



Personaxes con garnacha e lengüetas pectorais (1346). Nótese tamén a manga longa da cotardía que sale do codo e a manga do xubón. "Privilegios de Barcelona" ou "Llibre Verd" (Casa da Cidade, Barcelona).



Médico e paciente representados na "Anatomía" de Guido Vigevano, datada a comenzaos do s. XIV (v. nota 18).

século, descoñecéndose a orixe desta prenda. Di dela Carmen Bernis:

Era de forma muy particular, suelta, amplia, caracterizada por el corte especialísimo de sus cortas mangas, que formaban cuerpo con el resto del vestido... Este traje fué usado por reyes, nobles y burgueses durante los siglos XIII y XIV; en el XV quedó relegado a individuos de ciertas profesiones y a ciertos usos... (14).

No s. XIV hai unha tendencia a que o traxe de encima acorte as mangas ó tempo que se ensanchan:

A veces estas mangas se ensanchaban en las bocas, lo cual fué el punto de partida de una moda extendida en todo el occidente cristiano, que buscó crear elementos colgantes en los codos (véxase as mangas que colgan da cotardía do noso personaxe) ... La garnacha se transformó ligeramente, prolongando hacia abajo las aberturas laterales (no sepulcro de Betanzos non se detectan esas aberturas) y adornando el escote con dos pequeñas lengüetas que se conservaron en lo sucesivo (15).

Probable médico

Cando empecei a buscar paralelos para este home "misterioso", decateime enseguida de que, case con toda seguridade era un médico.

Según evidencia a vestimenta, non é un guerreiro, nin tampouco un clérigo (16): logo é un lego, pero importante. Ademáis, as prendas longas só foron levadas polos grupos sociais elevados (17) que, ó fin e ó remate, son os que poden permitirse a construción de sepulcros monumentais.

Por outra banda, é sabido que os grupos profesionais de gran categoría e, por esencia, de escaso número de individuos, gustan de usar traxes tradicionais, mesmo arcaizantes, que teñen o valor de servir de distintivo de grupo. Evi-

(14) BERNIS MADRAZO, Carmen. *Indumentaria* ... Op. cit. p. 23.

(15) BERNIS MADRAZO, Carmen. *Indumentaria* ... Op. cit. p. 28.

(16) A consideración de franciscano, posible bispo, non ten argumentos onde sostenerse. Véxase, VALES UILLAMARÍN, Francisco. "Los enterramientos de la iglesia de San Francisco". En la Coruña, paraíso del Turismo, 1969 e nunha edición solta aumentada de 1971.


(17) BOUCHER, François. *Historia del traje en occidente desde la antigüedad hasta nuestros días*. Barcelona, Montaner y Simón, 1967 (1^a ed. francesa de 1965).



Un dos titulares do “Retablo de los santos médicos Abdón y Senén”, obra de Jaime Huguet datada en 1459-60 (v. nota 19).

dentemente, os médicos tiñan que ter unha consideración enorme neste tempo e responden perfectamente a este plantexamento. Pero é que ademáis atopei diversas representacións de médicos ou *ciruxanos* que teñen varias prendas idénticas ás do noso personaxe e mesmo o detalle da pervivencia insistente neles, ó longo do s. XIV, desas *lengüetas* pectorais, máis ou menos evolucionadas. Vexamos algúns exemplos:

- Médico e paciente representados na “*Anatomía*” de Guido Vigevano, tamén coñecido por Guido de Pavía (Museo Condé. Chantilly). Dá-tase a principios do s.XIV (18). O médico viste a *garnacha* con capirote (capucha) directamente sobre o *xubón*, sen intermedio de *cotardía* ou *gonela*, que, de tela, en todo caso non se ve. Pronto, andando o s. XIV, se independizaría o capirote da *garnacha*. Nótese a semellanza do bonete co de Betanzos. O enfermo parece que ten un *cote-hardie* sobre o *xubón* coas mangas longas características. Téñase en conta que esta prenda usábase en principio como exterior



Escena da “*Chirurgia Magna*” de Guy de Chauliac, escrita en 1363 e publicada en París en 1478 (v. nota 20).

(no sepulcro de Betanzos é intermedia entre o *xubón* e a *garnacha*.

- Un dos titulares do “*Retablo de los santos médicos Abdón y Senén*”, pintado por Jaime Huguet (Tarrasa, iglesia de Santa María). Data de 1459-60. Del di Carmen Bernis: *El adorno que lleva bajo el escote, recuerda el que tenían las “garnachas” del siglo XIV..., lo cual es testimonio del conservadurismo que mostraron en sus trajes los doctores y letrados* (19).

- Escena da “*Chirurgia Magna*” de Guy de Chauliac, escrita en 1363 e publicada en París en 1478. Nos médicos representados destacan o que, por non coñecer a palabra orixinal, veño chamando (con Carmen Bernis) *lengüetas* pectorais. Mesmo diriase que son independentes das demais prendas e que teñen algún tipo de función. O seu valor simbólico queda demostrado incluso dentro do grupo dos médicos: véxase a forma ostensiblemente diferente (pero coa mesma orixe formal) que adoptan esas *lengüetas* no peito do *magister* sentado na *catedra* (20).

(18) CID, Felip. *Historia de la Ciencia*. Barcelona, Planeta, 1977, t. I, p. 303 e 311.

(19) BERNIS MADRAZO, Carmen. *Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos: II. Los hombres*. Madrid, Instituto Diego Velázquez del C.S.I.C., 1979, p. 164.

(20) CID, Felip. *Op. cit.*, p. 323.



Médico representado nunha miniatura da "Chirurgia Magna" (v. nota 21).



Médico-farmacéutico dirixindo a preparación dun medicamento. Miniatura da "Chirurgia Magna" (v. nota 22).

- Miniatura da "Chirurgia Magna" de Guy de Chauliac na que aparecen distintos enfermos en presencia dun médico, quen presenta as típicas *lengüetas pectorais* (21).

- Miniatura do manuscrito do s. XV "Chirurgia Magna" de Guy de Chauliac, na que aparece un médico-farmacéutico dirixindo a preparación dun medicamento (22).

- Miniatura que representa a Galeno (nóntense as *lengüetas pectorais*) dirixindo a preparación de medicamentos. Manuscrito das obras de Galeno conservado en Dresden (R.F. de Alemania), e realizado por Nicolás de Regio no s. XV (23).

- Miniatura dun manuscrito do s. XV (...) onde aparece un médico dando instruccions a un boticario e a un recolector de plantas (24).

- Miniatura dun manuscrito do s. XV na que se representa ós irmáns Xemeos, médicos de Cilicia decapitados arredor do ano 303, San Cosme e San Damián. Véxase nun dos personaxes as lengüetas pectorais, probables precedentes de prendas similares e máis sofisticadas, que veremos con posterioridade (25).



Galen dirixindo a preparación de medicamentos según un manuscrito do s. XV (v. nota 23).

- Pintura do s. XVIII existente na *Facultéde Sciences Pharmaceutiques et Biologiques* de París na que se mostran como se realizan os exámenes prácticos na mesma. É interesante comprobar como os mestres farmacéuticos, a pesar de leva-la peluca típica da época, manteñen un tra-

(21) CID, Felip, *Op. cit.*, p. 324.

(22) FOLCH JOU, Guillermo, *Op. cit.*, p. 223.

(23) FOLCH JOU, Guillermo. *Historia general de la Farmacia: el medicamento a través del tiempo*. Madrid, Ediciones Sol, v. 1, 1986, p. 158.

(24) GOMEZ CAAMAÑO, José Luis. *Páginas de historia de la Farmacia*. Barcelona, Sociedad Nestlé, A.E.P.A., 1970, 117.


(25) CID, Felip. *Historia de la Ciencia*. Barcelona, Planeta, v. 2, p. 37.



Médico dando instruccions a un boticario e a un recolector de plantas, según un manuscrito do s. XV
(v. nota 24).



Os médicos San Cosme e San Damián según un manuscrito do s. XV (v. nota 25).



Mestres farmacéuticos na "Faculté de Sciences Pharmaceutiques et Biologiques" de París, realizando un examen, según pintura do s. XVIII.

dicionalismo absoluto na vestimenta, incluindo as *lengüetas pectorais* que atopáramos no s. XIV (26).

Está claro que hai unha pervivencia de elementos que tiñan a misión de distinguir socialmente a quen os levaban. O vestido longo e, máis especificamente, as *lengüetas pectorais*, cumpren esa función para médicos e farmacéuticos, profesións que estiveron moi unidas (mesmo confundidas correntemente) ata tempos moi recentes.

A prenda longa transformouse no s. XIV na preferida dun grupo social novo que se formou arredor dos reis, príncipes e grandes señores. Ocorreu isto en Occidente, cando se constituiron corpos administrativos para dirixi-la percepción de impostos, a policía ou a xusticia: *Procedentes de la burguesía enriquecida o de las universidades, estos altos funcionarios, de origen modesto, trataron de distinguirse, mediante su indumentaria, tanto de los burgueses como de los nobles. Se constituyó así un traje de estado* (27). Mesmo utilizáronse cores distintivas.

A pesar de todo o dito, é preciso ter claro que estas *lengüetas pectorais* que parecen distinguir ós médicos, non aparecen exclusivamente nelles. Ademais, tampouco tódolos médicos medievais e de séculos posteriores as presentan. É certo que constitúen os exemplos gráficos máis abundantes, pero non podo esquenciar uns grabados de astrónomos que aparecen no *Libro de las propiedades de las cosas* (s. XV) de Jean Cordichon, existente na Biblioteca Municipal de Reims (28). Eles teñen os mesmos apéndices pectorais.

Como tamén os ten un alto personaxe, de profesión descoñecida, que leva o seu fillo ó médico: aparece nun retablo (probablemente do s. XV) onde quen cura é San Lucas. Agora ben, non descarto que este personaxe sexa, así mesmo, un médico que, non podendo curar ó fillo, levo o santo. Isto ten sentido e as *lengüetas pectorais* e a *garnacha* servirían á xente para que visen que aquel home era un médico e, en consecuencia, que os santos están por riba dos médicos, cousa que, seguramente había que explicar na Baixa Idade Media, onde os médicos



Alto personaxe, quizais médico, que leva o seu fillo ó que o cura San Lucas. Detalle dun retablo do s. XV.

foron derrotados por sucesivas pestes, particularmente pola peste negra. A gran esperanza, nestes casos (según esta lectura) sería a Relixión. Esta pode se-la mensaxe (29).

Do personaxe betanceiro tamén se ten dito que podía ser un peregrino a Santiago ou un mestre constructor (30). Paréceme moi improbable que un peregrino, extraño polo tanto a Betanzos e á súa comarca, fose enterrado dese xeito. Máis posible é que se enterrase un arquitecto ou mestre constructor: nas catedrais francesas hai varios sepulcros de arquitectos. De tódolos xeitos, non me parece a posibilidade más lóxica. Ademais, ainda non vin ningún arquitecto con eses apéndices pectorais, que, a

(26) GRACIA GUILLEN, Diego, e outros. *Historia del medicamento*. Barcelona, Ediciones Doyma, 1984, p. 145.

(27) BOUCHER, François. *Op. cit.*, p. 201.

(28) CID, Felip. *Op. cit.*, v. I, p. 328 e 331.

(29) CID, Felip. *Op. cit.*, v. I, p. 311.

(30) GARCIA LEDO, Xosé Antón. *As imaxes xacentes da eirexa de San Francisco de Betanzos*. Betanzos, 1983, p. 32. E esta a obra na que aparece, nembargantes, de xeito máis resaltado, que é un personaxe oriental.

pesar de todo, xunto coa roupa, supoñen unha enorme probabilidade en favor de que sexa un *médico*.

En Galicia non coñezo supulcros antropomorfos que representen un *médico*, cousa que explica a falta de paralelos próximos para o personaxe betanceiro. Pero se nalgúnha parte da nosa comunidade se tiña que representar un, é absolutamente lóxico que ese lugar fose Betanzos e máis tratándose da época de Fernán Pérez de Andrade, enterrado na mesma igrexa.

A lenda antiga di que Andrade construiu sete hospitais e, se non foron sete, non lle debeu faltar moito, porque, ligados ós camiños e ás localidades más estratéxicas, edificou varios para pobres, peregrinos, lazarus, etc. Pode explicarse a súa aparición ou potenciación pola peste negra, pero tamén polas frecuentes batallas e a importancia crecente das vilas que Fernán Pérez dominaba. A todo iso habería que unir a corrente de peregrinos que viña polo

Camiño de Santiago. Fundou e dotou o hospital de San Bartolomé “en a villa de Betanzos, en a Rúa Travesa” “en una plaza que fuera hospital de viejo tiempo” (31). E, ó parecer, tamén o hospital de Lazarados e a capela de San Lázaro no barrio da Magdalena (Betanzos). Un hospital de catro camas e capela situados no medio da ponte de Pontedeume, etc.

Creo, ademais, que se Fernán Pérez de Andrade tiña un *clérigo et capelán* persoal de gran categoría intelectual (Fernán Martís) a quen lle encargou a versión ó galego da *Crónica Troiana*, tanto máis lóxico é pensar que tería un gran médico ó seu servicio. E considerando que a Medicina e a Relixión estaban moi próximas, non sería extraño que este médico gozase do privilexio de ser enterrado como un gran personaxe xunto ó seu señor, sobre todo se fixo curacións de importancia no propio Andrade ou na súa familia (32).



Lápida funeraria do s. XV, procedente do antigo convento de Santo Domingo da Coruña e hoxe no Museo Arqueolóxico de San Antón desa cidade.

(31) VALES VILLAMARIN, Francisco. *Las antiguas rutas jacobinas del territorio brigantino: 4º itinerario*. En “La Coruña, paraíso do turismo”, 1975. “Sentencia dictada por don Alfonso Rodríguez, prior del monasterio de San Martín de Jubia, en relación con la administración del hospital de San Bartolomé fundado en Betanzos por Fernán Pérez de Andrade.- Año 1406.

(32) Na realización deste traballo agradezo a axuda da Doctora Farmacéutica da localidade, Dona María Luisa Couceiro Sobrino.

Conclusións

Engadindo algunha que outra idea e sintetizando o que se leva dito, estes serían os rasgos esenciais que nos permitirían achegarnos ó coñecemento deste home:

1) Non é un personaxe oriental nin tampouco creo que sexa un mestre constructor como se ten dito.

2) Tódolos aspectos formais teñen paralelos no occidente europeo...

3) Sobre a ubicación primitiva do sepulcro, ademais do apuntado, é posible tamén que procedera do antigo claustro do mosteiro, destruído nos anos 70 do s. XIX

4) A vestimenta aparece reiteradamente en médicos, que usan moitas veces a mesma *garnacha* coas típicas *lengüetas pectorais*, ademais do bonete. Parece lóxico, pois, que sexa un médico.

5) Na datación do sepulcro, a experiencia ensina a ser cauto, pero ainda que fose do pleno s. XV parece difícil que este médico non tivese nada que ver, directa ou indirectamente con Fernán Pérez de Andrade: a) porque, ó fin e ó remate, Andrade morreu en 1397, case no s. XU (ainda que o seu sepulcro xa estaba construído); b) porque a relación con Andrade non impide que o médico morrese anos ou décadas máis tarde; c) porque os médicos estaban ligados á nobleza (non había o concepto asistencial de hoxe) e, en todo caso, tanto Fernán Pérez coma os seus herdeiros eran os señores más importantes da comarca nos séculos XIV-XU; d) porque Andrade foi un gran constructor de hospitais.

Para rematar, quero deixar unha pregunta que se deriva de todo o dito: se este home é médico e, sendo corrente que os médicos medievais fosen de raza xudea, ¿non será tamén xudeo e, polo tanto, a súa presencia e a doutros posibles médicos xudeos que lle antecederon, non explicaráalgún xeito a proliferación de estrelas hexalfas nas construccions de Fernán Pérez de Andrade?




Home con perilla bifurcada en dúas cordas helicoidais. Canzorro da tribuna da igrexa de S. Martín de Noia (A Coruña).



Personaxe moi semellante ó de Betanzos nun capitel de San Francisco de Santiago.

Muller con rollo (s. XV) representada nun canzorro da tribuna da igrexa de S. Martín de Noia (A Coruña).



Cando xa daba por rematado este traballo, o intercambio epistolar coa miña boa e admirada amiga Carmen Manso Porto, que está a estudiar precisamente os sepulcros medievais galegos, proporcionoume unha referencia máis para a barba deste home: un canzorro da tribuna da igrexa de San Martín de Noia presenta unha figura onde a perilla se bifurca en dúas cordas helicoidais, sendo cada unha delas igual á corda única que constitúe a perilla do médico betanceiro. Se tódolos canzorros son da mesma época, habería que datalos no século XV, posto que un deles representa unha muller que leva un *rollo* na cabeza, semellante ó das mulleres da Coruña, Betanzos, Melide e Fistera xa estudiados. Este achádego suplementario añade un punto máis no mapa de Galicia onde a moda deste *rollo* se desenrolou...

Un novo dato de Carmen Manso permite ó remate afinar ainda máis a datación do noso médico. Na arquería de ingreso ó capítulo de San Francisco de Santiago hai un capitel que se pode datar con bastante precisión no primeiro cuarto do s. XV (Caamano Martínez) e nel represéntase un personaxe con barba idéntica ó betanceiro e así mesmo cunha roupa (garnacha, etc.) moi similar.